

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

16144 *Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, no seu título II, establece a normativa básica de ordenación do sector pesqueiro, cuxo desenvolvemento se aborda neste real decreto, naqueles aspectos que están afectados pola recente reforma da política pesqueira común.

O Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca establece uns novos obxectivos da política pesqueira común, para o período 2007-2013, e regula as actividades de conservación, xestión e explotación dos recursos acuáticos vivos, sempre que tales actividades sexan levadas a cabo por buques pesqueiros comunitarios ou nacionais dos Estados membros, coa finalidade específica da promoción dun equilibrio sustentable e duradeiro entre os citados recursos e a capacidade de pesca da frota. As medidas están dirixidas a mellorar a seguranza a bordo dos buques, as condicións de traballo, a hixiene, a calidade dos produtos, o rendemento enerxético e a selectividade, incluíndo o cambio de motores por outros de igual ou menor potencia.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo de 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1198/2006, establece os parámetros para elaborar os programas operativos e os métodos dos cálculos das axudas e as medidas de pesca, entre outros aspectos.

Así mesmo, o Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, establece unha regulación específica para a construción de buques pesqueiros e outras medidas de ordenación, algunhas de cuxas axudas se extinguiron en 31 de decembro de 2004.

O Regulamento (CE) n.º 744/2008 do Consello, do 24 de xullo de 2008, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Unión Europea afectadas pola crise económica, establece medidas complementarias e excepcionais do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 e do Regulamento (CE) n.º 2371/2002.

Con motivo da adaptación aos regulamentos comunitarios citados e tendo en conta o Plan Estratéxico Nacional do Fondo Europeo da Pesca e a Decisión da Comisión C (2007) 6615, do 13 de decembro de 2007, pola que se aproba o programa operativo de intervención comunitaria do Fondo Europeo da Pesca de España, para o período de programación 2007-2013, (ambos os instrumentos foron publicados nas seguintes páxinas web: http://ec.europa.eu/fisheries/cfp/structural_measures/pdf/NSP_ES.pdf, http://ec.europa.eu/fisheries/cfp/structural_measures/operational_programmes_es.htm, e www.mapa.es/pesca/pags/Programa_fep/ProgramaOperativo.pdf) faise necesario adaptar as medidas de ordenación básica en materia de construción e modernización de buques pesqueiros, así como, o axuste de capacidades da frota referidos á paralización temporal e paralización definitiva dela, a pesca costeira artesanal, os proxectos piloto de pesca experimental, as accións colectivas, dirixidas a realizar estudos de viabilidade para a promoción das empresas pesqueiras en países terceiros, e as medidas socioeconómicas aplicables á reestruturación da frota.

Actualízase a regulación do Censo da frota pesqueira operativa, cuxo mantemento corresponde á Secretaría Xeral do Mar.

Non obstante isto, son os regulamentos comunitarios anteriormente citados, xunto co Regulamento (CE) n.º 736/2008 da Comisión, do 22 de xullo de 2008, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais concedidas para pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos da pesca e co Programa operativo aprobado pola Decisión da Comisión C6615, os instrumentos que no seu conxunto regulan a ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, limitándose este real decreto a garantir a necesaria adecuación da normativa interna ao sistema comunitario e ao programa operativo. En suma, este real decreto é unha peza máis do conxunto do sistema xurídico de ordenación do sector pesqueiro e adaptación deste ao Fondo Europeo da Pesca que non exclúe, senón que, polo contrario, presupón a plena aplicación dos citados regulamentos comunitarios e do programa operativo español, mentres non sexan obxecto de modificación. En consecuencia, tanto as axudas á muller para favorecer a súa incorporación a este sector como o resto das axudas previstas no Programa operativo así como o límite que para estas establece o Regulamento (CE) n.º 736/2008 da Comisión, non se rexen por este real decreto senón por aquelas normas e programas.

De forma específica, o capítulo I establece o obxecto do real decreto e describe os ámbitos de aplicación.

O capítulo II recolle os requisitos para a renovación da frota pesqueira, as condicións que deben reunir as baixas achegadas para unha nova construción, a súa materialización, a achega de baixas adicionais, e os non achegables como baixa, a potencia dos motores, a tramitación das solicitudes de autorización de construción, sendo con carácter xeral o órgano competente para a súa xestión as comunidades autónomas, sen prexuízo do informe favorable que debe emitir o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

O capítulo III recolle os investimentos a bordo dos buques pesqueiros coas normas de ordenación referidas aos requisitos para a autorización, a achega de baixas, a modernización sobre cuberta principal, a regularización dos motores foraborda e a tramitación das solicitudes de obras de modernización e equipamento que tamén corresponde ás comunidades autónomas, sen prexuízo do informe favorable que corresponde emitir ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

O capítulo IV refírese ao axuste dos esforzos pesqueiros e regula a paralización definitiva e a paralización temporal das actividades pesqueiras en canto medidas de ordenación.

O capítulo V regula a pesca costeira artesanal, que é a practicada por buques pesqueiros de eslora total inferior a 12 metros e que non utilicen as artes de arrastre.

O capítulo VI refírese aos proxectos piloto de pesca experimental, dirixidos a avaliar unha nova tecnoloxía ou un plan de xestión pesqueiro, excluída a pesca exploratoria e a que teña un carácter comercial directo.

O capítulo VII refírese ás accións colectivas e, en concreto, a realizar estudos de viabilidade para a promoción de empresas pesqueiras en países terceiros (sociedades mixtas).

O capítulo VIII recolle as medidas socioeconómicas que se poderán conceder aos pescadores afectados polos cambios producidos na actividade pesqueira e establece axudas non renovables por paralización definitiva do buque, para diversificacións e reciclaxe, saída anticipada do sector pesqueiro ou prexubilación e a pescadores menores de 40 anos para a compra do primeiro barco.

O capítulo IX aborda a actualización do Censo da frota pesqueira operativa coa descrición do que é buque operativo, as reactivacións, as altas e baixas, a coordinación dos rexistros e cambios de titularidade.

Como anexos únense os documentos e modelos para a alta provisional no Censo da frota pesqueira operativa de buques de nova construción, importación ou provenientes doutra lista e o caderno censual.

Foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector pesqueiro.

Este real decreto dítase en virtude da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co informe do Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Por medio deste real decreto establécense as normas básicas de ordenación aplicables á renovación e modernización dos buques pesqueiros, o axuste dos esforzos pesqueiros, referidos á paralización temporal e definitiva das actividades, a pesca costeira artesanal, os proxectos piloto de pesca experimental, as accións colectivas, en especial os estudos de viabilidade das empresas pesqueiras en países terceiros, as medidas socioeconómicas apareladas aos cambios da frota pesqueira, así como os requisitos xerais que regulan o Censo da frota pesqueira operativa, tendo en conta a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado e o Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo do 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP) e o Regulamento (CE) n.º 498/2007, do 26 de marzo, que establece as disposicións de aplicación do regulamento anterior.

2. As medidas sinaladas neste real decreto desenvolveranse mediante a garantía do cumprimento dos plans de recuperación, así como dunha xestión financeira correcta dos fondos públicos, de acordo co Programa operativo español 2007-2013, aprobado pola Decisión da Comisión das Comunidades Europeas C/2007/6615, do 13 de decembro de 2007.

As axudas públicas dirixidas ás actividades reguladas neste real decreto, excepto as do capítulo II, son as previstas no programa operativo español citado.

3. O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo da aplicación directa dos regulamentos comunitarios citados no número 1 e do Regulamento (CE) n.º 736/2008 da Comisión, do 22 de xullo de 2008, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais concedidas para pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos de pesca, así como do programa operativo a que se refire o punto anterior en todo canto, estando regulado e previsto neles, non estea afectado ou regulado por este real decreto, aplicándose aqueles ás medidas, incluídas as de axuda á muller, que non son obxecto de regulación neste real decreto.

CAPÍTULO II

Construción da frota

Sección 1.ª Normas de ordenación

Artigo 2. *Autorización.*

Poderase autorizar a construción de buques pesqueiros de acordo coas normas de ordenación establecidas neste real decreto, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento en materia de seguranza do buque.

Non se concederá ningunha axuda para a construción de buques pesqueiros no marco do FEP.

Artigo 3. *Condicións das baixas.*

Toda autorización de construción de buques pesqueiros que se rexistre na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras requirirá que a unidade que se vaia construír substitúa un ou máis buques operativos achegados como baixa, e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que o buque pesqueiro achegado como baixa ou baixas, estea matriculado na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, que figure de alta no Censo da frota pesqueira operativa e que estea libre de cargas e gravames.

b) Para a construción de novas unidades da frota pesqueira en arqueo bruto (GT) potencia (kW), a entrada de nova capacidade na frota estará compensada pola anterior retirada sen axuda pública de, como mínimo, a mesma capacidade; en todo caso, o réxime de entradas/saídas de capacidade da frota pesqueira axustarase ao establecido no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002.

c) Que a achega de baixas sexa por unidades completas, entendéndose por unidade completa o buque propiamente dito e a licenza de pesca adscrita a este, polo que ningún buque que se vaia substituír poderá ser aplicado como baixa para a construción de máis dun buque.

Esta limitación non será exixida cando un ou varios armadores decidan construír en forma conxunta dúas ou máis embarcacións da mesma modalidade e censo.

Para isto deberase cumprir co requisito de que o número de buques que se vaian construír sexa igual ou menor ao número de buques achegados como baixa, e que a proporción do arqueo entre a maior e a menor das baixas achegadas manteña, segundo proceda, algunha das seguintes proporcións:

1.º Cando a baixa de maior arqueo sexa maior ou igual a 100 GT, a proporción non deberá ser superior a 3.

2.º Cando a baixa de maior arqueo sexa menor de 100 GT e maior de 10 GT, a proporción non deberá ser superior a 4.

3.º Cando a baixa de maior arqueo sexa igual ou menor de 10 GT, non estará suxeita a proporción.

d) O buque ou buques achegados como baixa deberán ter exercido a actividade pesqueira durante un mínimo de 120 días nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de inicio do expediente de construción ou, se é o caso, á data de presentación da documentación da baixa ante o órgano competente da comunidade autónoma, que se deberá incorporar ao citado expediente. No caso de que o buque pesqueiro achegado como baixa fose dado de alta por reactivación no Censo da frota pesqueira operativa, deberá ter permanecido reactivado polo menos dous anos e con actividade pesqueira durante ese período, sen prexuízo dos 120 días de actividade antes mencionados.

Excepcionalmente e para aquelas frotas suxeitas a cotas de pesca limitadas, baixo o amparo de acordos pesqueiros internacionais, que non permitan alcanzar os 120 días de actividade exixidos no parágrafo precedente, deberán acreditar ter exercido unha actividade mínima de 60 días en cada un dos dous anos anteriores á presentación das baixas, segundo as condicións establecidas neste artigo.

Exímense do requisito de ter exercido a citada actividade pesqueira os buques que, como consecuencia de tratados ou acordos internacionais de pesca, paralizasen a súa actividade ou fosen dados de baixa no censo correspondente.

Serán, así mesmo, eximidos deste requisito os buques pesqueiros operativos perdidos definitivamente por accidente; neste caso os correspondentes dereitos de baixa terán un período de validez de 12 meses a partir do día en que se produciu o sinistro ou, se é o caso, desde a data de firmeza da resolución xudicial que declare a data do afundimento ou a propiedade do buque afundido, cando estes sexan obxecto de controversia. En todo caso, o buque deberá ter exercido a actividade pesqueira 120 días nos 12 meses anteriores á data do accidente.

e) En todo caso, a achega dun buque para unha nova construción será anotada na folla de asento deste buque e levarase a cabo documentalmente mediante un compromiso de baixa, no cal o achegante desta se compromete a dar de baixa o buque no Censo da frota pesqueira operativa e a iniciar o expediente pertinente para materializar esta baixa nas formas descritas no artigo 6, cando a nova construción entre en servizo. O mencionado compromiso de baixa non presupón por si mesmo o inicio do expediente.

f) O compromiso de baixa será formulado en documento orixinal e por unha soa vez polo propietario do buque de pesca que se vai substituír, perante a autoridade competente da Administración central ou autonómica, e é aquel polo que se compromete o dito propietario á súa inmovilización e desmantelamento no momento da entrada en servizo da nova unidade. Cando o solicitante non sexa titular rexistral do buque achegado como baixa, naquel documento deberá figurar a cesión de dereitos do buque que se vai substituír a favor do solicitante da nova construción.

g) Este compromiso, unha vez aceptado pola administración competente, será enviado ao Rexistro de Buques e Empresas Navieiras para a súa toma de razón na folla de asento do buque.

Artigo 4. *Orixe das baixas en función da modalidade.*

Cando se establecesen censos de buques para determinados caladoiros e modalidades de pesca e se pretenda construír un buque para incluílo nun deles, polo menos o 90% do arqueo bruto (GT) e potencia (kW) dos buques achegados como baixa deberán pertencer ao dito censo como mínimo, sen prexuízo das exixencias máis rigorosas que poida conter a normativa específica que regule a concreta modalidade e caladoiro.

Artigo 5. *Potencia dos motores.*

1. Entenderase por potencia propulsora dun buque pesqueiro a potencia máxima ao freo medida á saída do motor propulsor (potencia BHP), acreditada polos certificados expedidos por unha organización recoñecida e autorizada polo Ministerio de Fomento, como resultado das probas en banco de cada modelo e tipo de motor intraborda; no caso de motores foraborda, a medición e declaración de potencia estará de acordo coa norma UNE EN ISO 8665.

2. Poderase admitir unha tara límite do 20 por cento da potencia máxima recoñecida para o correspondente modelo e tipo de motor que se vaia instalar na nova unidade.

3. Prohíbese expresamente a tara dos motores foraborda.

4. Os motores dos buques de ata 12 metros de eslora total de nova construción e os que se instalen por obras de modernización terán as limitacións de potencia máxima continua en banco (BHP) en función da súa eslora total que se indican seguidamente:

Eslora	Frota artesanal e de percebe
Ata 4 metros	45
Ata 5 metros	50
Ata 6 metros	65
Ata 7 metros	80
Ata 8 metros	110
Ata 9 metros	140
Ata 10 metros	180
Ata 11 metros	220
Ata 12 metros	270

Artigo 6. *Materialización das baixas.*

1. Para a materialización das unidades achegadas para a construción de novos buques pesqueiros admitirase o desmantelamento, o afundimento substitutorio do

desmantelamento, a exportación definitiva, co correspondente cambio de pavillón e o cambio de lista.

Os desmantelamentos e os afundimentos substitutorios e a exportación requirirán informe previo da Secretaría Xeral do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. O afundimento substitutorio de desmantelamento autorizarase exclusivamente para os buques de madeira que cumpran os requisitos exixidos pola normativa vixente, e levarase a cabo nos lugares debidamente prefixados pola autoridade competente.

Excepcionalmente, a comunidade autónoma na cal teña o buque a súa base poderá autorizar que a baixa na lista terceira se realice por un procedemento distinto do desmantelamento ou afundimento substitutorio de desmantelamento, cando o buque se destine a fins culturais, ornamentais ou recreativos, sempre que a súa localización sexa fóra da auga e quede asegurada a imposibilidade do seu retorno a actividades en flotación. Esta decisión poraa a comunidade autónoma en coñecemento do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, dentro dos 30 días seguintes.

3. No suposto de exportación definitiva a un país terceiro, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Que o interesado se comprometa a efectuar a exportación do buque a un país terceiro, excluídos aqueles a que se refire o artigo 1 do Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, en que se fixan os países e territorios aos cales se atribúe un determinado carácter impositivo sobre beneficios fiscais.

b) Que o adquirente do buque exportado dispoña dunha licenza válida para pesca na zona económica exclusiva (ZEE) dun país terceiro con recursos mariños economicamente explotables.

4. Así mesmo, poderase aceptar que a materialización da baixa achegada para a construción dun buque pesqueiro se realice por cambio de lista, exceptuando a lista cuarta e a lista sétima, sempre que se transfira a súa propiedade a unha entidade sen ánimo de lucro. O documento acreditativo da citada transmisión que deberá achegar o solicitante deberá conter unha cláusula pola que o adquirente se comprometa a non transmitir o novo buque nin volver exercer con este a pesca extractiva. Cando se produza a baixa, anotaranse estes datos na nova folla de asento do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, e causará baixa no Censo da frota pesqueira operativa; a este fin será necesario que conste esta materialización na resolución de construción e que se solicite o cambio de lista.

5. A entidade adquirente non poderá cambiálo á lista cuarta e sétima nin ceder o seu uso para outra actividade que non sexa a propia da entidade.

Artigo 7. *Achega de baixas adicionais.*

No caso de que o arqueo e/ou potencia do buque de nova construción sexa maior que o arqueo proxectado e autorizado, dará lugar á obriga de achegar baixas que cubran o aumento de arqueo e/ou potencia realizado sobre o autorizado, nas condicións que se regulan neste real decreto.

Artigo 8. *Primeiro despacho para exercer a pesca.*

Será requisito indispensable para autorizar o primeiro despacho para o mar do novo buque que se encontre de alta no Censo da frota pesqueira operativa.

Artigo 9. *Buques non achegables como baixa.*

1. Os buques obxecto de axudas por paralización definitiva da actividade pesqueira non poderán en ningún caso ser utilizados como baixas para acceder a novas construcións ou obras de modernización.

2. Os buques que fosen obxecto de axudas para a modernización ou construción non poderán ser achegados como baixa para modernizacións ou novas construcións ata que transcorresen como mínimo cinco ou dez anos desde a finalización das obras ou desde a

entrada en servizo da nova construción, respectivamente, salvo que os novos armadores garantan suficientemente por medio de aval bancario a devolución das axudas ou o seu reintegro efectivo no momento da entrada en servizo da nova unidade ou da data de finalización da modernización.

3. A contía que deberá cubrir o aval calcularase inicialmente reducindo a axuda *pro rata temporis* desde a data de finalización das citadas obras ou desde a entrada en servizo do novo buque, ata a data de presentación da baixa.

4. No momento da entrada en servizo do buque para o que se achegase a baixa con garantía de aval bancario ou na data de terminación das obras de modernización, farase efectiva a devolución da correspondente parte da axuda ascendendo o seu montante á cantidade que corresponda nesa data *pro rata temporis*, momento en que se procederá á devolución do aval bancario gardado en depósito.

5. O exposto anteriormente non será de aplicación aos buques achegados como baixa perdidos definitivamente en accidente.

Artigo 10. *Baixas noutros supostos.*

1. A achega obrigatoria de baixas equivalentes nas condicións establecidas neste real decreto aplicarase tamén nos supostos de importación de buques pesqueiros, así como nos supostos de alta na lista terceira de embarcacións procedentes doutras listas do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, e aqueles buques que, estando de baixa definitiva no Censo da frota pesqueira operativa, soliciten a súa reincorporación.

2. Nestes supostos será de aplicación o disposto no Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

3. Para os buques importados aplicaranse as normas contidas no capítulo II deste real decreto.

Artigo 11. *Adecuación ao caladoiro.*

Ademais das condicións establecidas neste real decreto, para autorizar a construción, a importación e a alta na lista terceira, ou a inclusión na lista terceira de buques pesqueiros destinados a seren incluídos nun determinado caladoiro, censo e modalidade de pesca requirirase o cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa específica do dito caladoiro, censo e modalidade.

Artigo 12. *Buques da lista cuarta.*

Nas autorizacións de construción de buques para rexistrar na lista cuarta do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, non serán exixibles baixas equivalentes en arqueo ou potencia e os solicitantes deberán posuír unha licenza ou permiso administrativo para exercer actividades acuícolas, de cultivos mariños, estabulación de especies mariñas, ou seren propietarios de buques de pesca da modalidade de cerco que requiran para a súa actividade buques auxiliares.

Sección 2.^a Tramitación das solicitudes de autorización de construción

Artigo 13. *Tramitación das solicitudes.*

1. As solicitudes de autorización de nova construción dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que o buque vaia ter o seu porto base.

2. A comunidade autónoma tramitará as solicitudes de construción aplicando a normativa básica do Estado e, unha vez revisadas e aceptadas, remitirá os expedientes completos ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para que proceda á súa análise e á expedición do informe preceptivo sobre os aspectos relacionados coa súa competencia.

O citado informe favorable terá un período de validez de 18 meses, dentro do cal se iniciará a construción do buque. Transcorrido o período de validez, requirirase a iniciación dun novo expediente.

3. O buque de nova construción debe entrar en servizo antes de tres anos, contados desde o seu inicio.

Artigo 14. *Anulación e modificación do expediente.*

Considerarase variación do expediente de construción dun buque e, por tanto, requirirá a iniciación dun novo expediente cando existan modificacións das características de eslora, manga, puntal, arqueo e potencia do barco en máis do 20 por cento, cando existan cambios na baixa principal, cando exista cambio de material do casco, así como cando haxa implícito cambio de censo e/ou modalidade ou cambio de armador e/ou propietario.

Artigo 15. *Cambio de titular.*

1. Cando se iniciase a construción e por calquera circunstancia o armador e/ou propietario non puidese levala a termo, admitirase o cambio de titular, sempre que exista escritura pública de venda a outro propietario e/ou armador.

2. Así mesmo, admitirase o cambio de propietario cando sexa como consecuencia do falecemento do titular.

Artigo 16. *Órgano competente.*

1. Tendo en conta o informe favorable mencionado no artigo 13.2, a comunidade autónoma resolverá o expediente de construción. De acordo co establecido no artigo 62 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, a autorización de construción da comunidade autónoma será previa á autorización que corresponde, no ámbito das súas competencias, ao Ministerio de Fomento.

2. A autorización de construción da comunidade autónoma será comunicada por esta ao interesado, ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e ao Ministerio de Fomento.

CAPÍTULO III

Modernizacións a bordo dos buques pesqueiros e selectividade

Sección 1.^a Normas de ordenación

Artigo 17. *Autorización.*

Poderanse autorizar obras de modernización e equipamento de buques pesqueiros, incluídos os cambios de motor propulsor, de acordo coas normas de ordenación que se establecen neste real decreto, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento en materia de seguranza do buque.

Artigo 18. *Requisitos para a autorización.*

Para a autorización de obras de modernización e equipamentos dos buques pesqueiros será requisito indispensable que os buques se encontren incluídos no Censo da frota pesqueira operativa.

Artigo 19. *Achega de baixas.*

Para autorizar as obras de modernización e equipamento de buques da lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras que supoñan incrementos de arqueo ou potencia, deberanse achegar baixas de buques da lista terceira debidamente inscritos no Censo da frota pesqueira operativa, nos termos establecidos no capítulo II deste real decreto.

Artigo 20. *Modernización sobre cuberta principal.*

Poderanse autorizar obras de modernización sobre a cuberta principal dos buques que teñan cinco anos ou máis de existencia, sen necesidade de achegar baixas equivalentes en caso de aumento de arqueo, sendo requisito indispensable que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que non se concedese con anterioridade un incremento de arqueo para o mesmo fin.
- b) Que o buque teña unha eslora igual ou superior a 15 metros.
- c) Que o incremento de arqueo se deba a obras de modernización destinadas a mellorar a seguranza a bordo, as condicións de traballo, a hixiene e a calidade dos produtos, e que non aumente a capacidade de capturas do buque.
- d) Que non dean lugar a un aumento do volume adicional destinado a levar peixe ou artes de pesca.

Artigo 21. *Condicións para o cambio de motor.*

1. As condicións de achega de baixas serán as mesmas que as establecidas nas normas de ordenación para a construción de buques.
2. Para efectos de autorización de cambio de motor, aplicaranse as condicións máximas de potencia e tara que para as novas construcións establece o artigo 5 deste real decreto, e as normas do artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006.

Artigo 22. *Motores foraborda.*

Os cambios de motor foraborda en embarcacións pesqueiras axustaranse aos requisitos seguintes:

- a) Cando no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras figure que o antigo motor foraborda está desmontado ou dado de baixa, a instalación dun novo motor foraborda requirirá a achega de baixas equivalentes á potencia que se pretenda instalar. Cando nun buque estea autorizado o uso alternativo de dous motores foraborda, poderán substituírse ambos os motores por un novo motor foraborda, que en ningún caso poderá ter unha potencia que supere a potencia do maior motor substituído.
- b) En todo caso, a potencia máxima dun motor foraborda axustarase ao disposto no artigo 5.
- c) Prohíbese expresamente a tara de motores foraborda.

Artigo 23. *Adecuación ao caladoiro.*

Nas obras que supoñan cambio de censo, caladoiro ou modalidade de pesca dos buques, unha vez finalizada a obra, estes deberán cumprir a normativa específica do novo censo, caladoiro e modalidade.

Artigo 24. *Buques da lista cuarta.*

As autorizacións de modernización e equipamento dos buques da lista cuarta do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras non requirirán a achega de baixas equivalentes en arqueo ou potencia.

Sección 2.ª Tramitación das solicitudes de obras de modernización e equipamento

Artigo 25. *Solicitudes.*

As solicitudes de autorización de obras de modernización e equipamento dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que se sitúe o porto base do buque.

Artigo 26. Tramitación das solicitudes.

A comunidade autónoma, de acordo co que establece o artigo 60 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, tramitará estas solicitudes aplicando a normativa básica do Estado e remitirá os expedientes aceptados ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para que se proceda á análise e emisión do informe preceptivo, sobre os aspectos relacionados coa competencia estatal naquelas obras que supoñan cambio de censo, de caladoiro ou modalidade de pesca ou que impliquen cambios estruturais no buque, incluíndo nestes os cambios de motor, tanto intraborda como foraborda.

Artigo 27. Período de validez do informe.

O informe favorable mencionado no artigo anterior terá un período de validez de 18 meses dentro do cal se deberán ter iniciado as obras de reforma, que deberán estar finalizadas nos 18 meses seguintes.

Artigo 28. Órgano competente.

A comunidade autónoma, á vista do informe emitido polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, do porto base do buque, resolverá os expedientes de obras de modernización e equipamento no ámbito da súa competencia. Concedida a correspondente autorización, a comunidade autónoma notificarállela ao interesado, ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e ao Ministerio de Fomento, para efectos do previsto no artigo 62 do Real decreto 1027/1998, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

CAPÍTULO IV**Axuste dos esforzos pesqueiros****Artigo 29. Obxecto.**

Para a mellora e conservación dos recursos pesqueiros e a limitación do esforzo pesqueiro en augas exteriores adoptaranse medidas de paralización definitiva e paralización temporal da frota pesqueira.

Artigo 30. Paralización definitiva.

As paralizacións definitivas só se poderán levar a cabo en buques con máis de dez anos de idade e suspenderase totalmente a actividade destes, anularase a licenza e producirase a baixa no Censo da frota pesqueira operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

Artigo 31. Criterios obxectivos para a concesión de axudas.

1. Poderanse outorgar axudas por paralización definitiva da actividade pesqueira sempre que a dita paralización forme parte dun plan de axuste de esforzo pesqueiro dos mencionados no artigo 21, alíneas a) e d) do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006.

2. As solicitudes de axuda dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma onde se sitúe o porto base do buque.

3. As comunidades autónomas remitirán de forma periódica ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a relación de solicitudes de axuda por paralización definitiva que cumpran co establecido no Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, co fin de que a Secretaría Xeral do Mar e os órganos competentes das comunidades autónomas procedan conxuntamente a examinar a adaptación das propostas priorizadas, ao cumprimento dos obxectivos de redución de esforzo pesqueiro para a frota pesqueira, ás necesidades de eliminaren modalidades de pesca non selectivas e de estaren incluídos en plans de recuperación ou de medidas urxentes de axuste de

esfuerzo pesqueiro, e a resolveren os problemas suscitados polos acordos internacionais de pesca. Unha vez alcanzado un acordo sobre as citadas propostas, as comunidades autónomas procederán á selección definitiva das solicitudes.

4. Serán as comunidades autónomas as que leven a cabo a resolución e pagamento das axudas correspondentes.

5. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a paralización definitiva se deba a unha suspensión dun acordo internacional de pesca, ou teña lugar no marco de plans de xestión, recuperación ou medidas de urxencia sobre unha pesqueira, establecidos pola Unión Europea e que afecten varias comunidades autónomas, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá asumir a competencia da xestión, tramitación e pagamento das axudas, logo da correspondente autorización da Conferencia Sectorial de Pesca.

Artigo 32. *Paralización temporal das actividades pesqueiras.*

Poderanse levar a cabo paradas temporais nas épocas máis adecuadas desde o punto de vista biolóxico para a recuperación das especies afectadas por un plan dos previstos no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca. Esta medida habilita a posibilidade de compensar economicamente armadores e tripulantes dunha frota pola diminución de ingresos durante os períodos da parada, conxugando a sustentabilidade do caladoiro coa rendibilidade da frota.

Artigo 33. *Criterios obxectivos para o outorgamento de axudas.*

Poderanse outorgar axudas por paralización temporal por un período máximo de duración dependendo da causa que a propicie, tal e como se establece no artigo 24 do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006. A contribución financeira será a sinalada no Regulamento (CE) n.º 1198/2006, salvo que a causa da paralización temporal sexa catástrofe natural, vedas por razóns de saúde pública ou outro acontecemento non resultante de medidas de protección dos recursos. Nestes casos, aplicaranse as decisións excepcionais que a situación requira.

Os armadores e tripulantes afectados pola paralización temporal da actividade pesqueira poderán solicitar axudas ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique o porto base do buque obxecto da paralización. Non obstante:

1. Cando se pretendan levar a cabo medidas de paralización temporal, as comunidades autónomas correspondentes deberán remitir á autoridade de xestión todos os datos correspondentes á paralización temporal, facilitando o cálculo pormenorizado das primas correspondentes á paralización temporal que se desexe realizar, co fin de dar cumprimento ao que establece o Programa operativo para o sector pesqueiro español e o disposto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, no que se refire a períodos máximos de duración e topes de contribución do Fondo Europeo da Pesca.

2. En caso de paralizacións temporais relacionadas co suposto de non renovación ou suspensión dun acordo de pesca e cando a medida afecte varias comunidades autónomas, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá adoptar un réxime de axudas aos armadores ou propietarios e pescadores afectados.

3. Así mesmo, cando a paralización temporal teña lugar no marco de plans de xestión, recuperación ou medidas de urxencia sobre unha pesqueira, establecidos pola Unión Europea e que afecten varias comunidades autónomas, poderá tamén o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño asumir a competencia da xestión, tramitación e pagamento das axudas correspondentes.

4. O establecido nos números 2 e 3 anteriores requirirá a aprobación da Conferencia Sectorial de Pesca.

CAPÍTULO V

Pesca costeira artesanal

Artigo 34. *Obxecto.*

1. Para os efectos deste real decreto enténdese por pesca costeira artesanal a practicada por buques pesqueiros de eslora total inferior a 12 metros, e que non utilicen as artes de arrastre.

2. Poderanse acoller ás axudas a que se refire o artigo 26.4 do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, de forma individual, para consecución dos obxectivos das alíneas d) e e), e de forma colectiva para conseguir os obxectivos das alíneas a), b) e c).

A forma colectiva pode ser a través de confrarías de pescadores, asociacións, cooperativas e outras organizacións legalmente recoñecidas.

3. Os proxectos tanto individuais como colectivos da pesca costeira artesanal terán acceso ás axudas previstas no Fondo Europeo da Pesca, segundo o consignado no programa operativo aprobado, e deben cumprir cos requisitos de ordenación previstos neste real decreto, para a construción, modernización, paralizacións temporais e definitivas e medidas socioeconómicas, tendo en conta as súas características propias.

4. A competencia na xestión das accións da pesca costeira artesanal será das comunidades autónomas.

CAPÍTULO VI

Proxecto piloto

Artigo 35. *Obxecto.*

1. Para efectos deste real decreto, e de acordo co artigo 41 do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca, e o Regulamento (CE) n.º 498/2007, do 26 de marzo de 2007, polo que establecen as disposicións de aplicación do Regulamento relativo ao Fondo Europeo da Pesca, entenderase por proxectos piloto aqueles dirixidos á adquisición e difusión de novos coñecementos técnicos, incluída a utilización a título experimental de técnicas de pesca máis selectivas, así como a probar, en condicións próximas ás condicións reais do sector produtivo, a viabilidade técnica ou económica dunha tecnoloxía innovadora, co fin de adquirir e divulgar coñecementos técnicos ou económicos da tecnoloxía en cuestión.

Tamén terán consideración de proxectos piloto aqueles destinados a desenvolver e probar métodos para mellorar a selectividade das artes de pesca, reducir as capturas accesorias, os descartes ou o impacto ambiental, a permitir a realización de probas sobre plans de xestión e de asignación do esforzo pesqueiro e de distintos tipos de técnicas de xestión pesqueira.

2. Serán levados a cabo por un axente económico, unha asociación comercial recoñecida ou calquera outro organismo competente designado con este fin polo Estado membro, en cooperación cun organismo científico ou técnico.

3. Poderanse solicitar axudas para a súa realización tendo en conta o previsto no artigo 19.3 do Regulamento (CE) n.º 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo de 2007, sobre a dedución de todos os beneficios obtidos durante a aplicación do proxecto. Quedan excluídos os gastos correspondentes á pesca exploratoria e a que teña carácter comercial directo.

4. Durante a realización do proxecto piloto, este será obxecto de seguimento científico por parte do Instituto Español de Oceanografía ou organismo científico que corresponda, e os seus resultados serán recollidos como informes técnicos, aos cales se dará a publicidade adecuada.

CAPÍTULO VII

Accións colectivasArtigo 36. *Accións colectivas.*

Poderanse conceder axudas a medidas de interese público, previstos no artigo 37 do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca, entre outras, as dirixidas a realizar estudos de viabilidade para a promoción de empresas pesqueiras en países terceiros que cumpran os requisitos previstos no artigo 2 do Real decreto 601/1999, do 16 de abril, polo que se regula o Rexistro Oficial de Empresas Pesqueiras en Países Terceiros.

As axudas canalizaranse a través de organizacións que actúen en nome dos produtores ou doutras organizacións recoñecidas polo Estado membro e de acordo co programa operativo.

Artigo 37. *Órgano competente.*

A tramitación do expediente de exportación e comprobación da constitución dunha empresa pesqueira nun país terceiro corresponde ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

CAPÍTULO VIII

Medidas socioeconómicasArtigo 38. *Obxecto.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán conceder aos pescadores de buques afectados polos cambios producidos na actividade pesqueira, axudas socioeconómicas nos termos establecidos no artigo 27 do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, e no programa operativo aprobado pola Comisión mediante a Decisión do 13 de decembro de 2007.

Artigo 39. *Medidas socioeconómicas e requisitos.*

As medidas de carácter socioeconómico estarán dirixidas a establecer:

1. Primas compensatorias individuais non renovables, co obxecto de diversificar a actividade e promover a pluriactividade dos pescadores e os plans de reciclaxe provisional que afecten distintas áreas marítimas.
2. A mellora das aptitudes profesionais dos pescadores.
3. Un plan de saída anticipada dos traballadores do sector pesqueiro, incluída a prexubilación.
4. A compensación non renovable a pescadores por paralización definitiva.
5. Primas individuais a pescadores menores de 40 anos, para a compra do primeiro barco.

Os requisitos para acceder a cada unha destas medidas recóllense no Programa operativo 2007/2013 do Fondo Europeo da Pesca.

Artigo 40. *Órgano competente.*

1. O órgano competente para a tramitación, resolución e pagamento das solicitudes das axudas previstas neste real decreto será o da comunidade autónoma en cuxo territorio estea situado o porto base do buque pesqueiro.

2. Cando as axudas previstas sexan solicitadas por pescadores de buques achegados a unha sociedade mixta, a Secretaría Xeral do Mar comunicará á comunidade autónoma

correspondente ao porto base do buque obxecto de exportación os datos necesarios para que tramite, resolva e pague as axudas que correspondan.

3. As axudas en supostos de paralización definitiva do buque faranse efectivas unha vez que este cause baixa definitiva no Censo da frota pesqueira operativa, o que se comunicará á comunidade autónoma correspondente.

CAPÍTULO IX

Censo da frota pesqueira operativa

Artigo 41. *Obxecto.*

O Censo da frota pesqueira operativa constitúe un instrumento básico para a xestión da pesca marítima e o seu contido forma parte do Rexistro Comunitario da Frota Pesqueira, regulado actualmente polo Regulamento (CE) n.º 26/2004 da Comisión, do 30 de decembro de 2003. O mencionado censo será xestionado polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (Secretaría Xeral do Mar).

Artigo 42. *Buque operativo.*

Considerarase buque operativo aquel que, estando matriculado nas listas terceira ou cuarta do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, e inscrito no rexistro mercantil, fose despachado para a súa actividade no mar, como mínimo, unha vez nos últimos vinte e catro meses e que, ademais, manteña a capacidade de navegar acreditada polos certificados pertinentes do Ministerio de Fomento.

Artigo 43. *Condicións de permanencia.*

1. A permanencia dun buque no Censo da frota pesqueira operativa está condicionada a:

- a) Ser un buque operativo.
- b) Estar dedicado a unha actividade no mar, de carácter profesional.

2. En todo caso, requirirase a alta no réxime especial da Seguranza Social dos traballadores do mar, da empresa que explote comercialmente o buque e a do persoal enrolado neste.

Artigo 44. *Perda de operatividade.*

Os buques que estean incluídos no Censo da frota pesqueira operativa perderán a operatividade cando transcorran vinte e catro meses sen seren despachados e pasarán á situación de «baixa provisional» no dito censo.

Tamén perderán a operatividade aqueles buques que, como consecuencia de tratados ou acordos internacionais de pesca, visen paralizada a súa actividade; neste caso pasarán igualmente á situación de «baixa provisional».

Artigo 45. *Actividade pesqueira.*

Non poderá ser despachado para o exercicio da actividade pesqueira:

1. Todo buque non incluído no Censo da frota pesqueira operativa.
2. Todo buque que estea en situación de «baixa definitiva».
3. Todo buque que perdese a súa operatividade ou estea en baixa provisional.

Artigo 46. *Reactivacións.*

O armador dun buque en situación de «baixa provisional» no Censo da frota pesqueira operativa, ou dun buque que perdese a súa operatividade poderá solicitar de novo o seu paso á situación de alta neste, no prazo máximo de cinco anos, contados a partir da data

en que o buque perdeu a súa operatividade, acreditando para isto a navegabilidade da embarcación e a profesionalidade da actividade desta.

Transcorrido o prazo máximo mencionado sen que se producise a reactivación do buque, incoarase o expediente para dalo de «baixa definitiva» no Censo da frota pesqueira operativa.

Artigo 47. *Baixa no censo.*

1. Aqueles buques que permanecesen durante polo menos sete anos sen despachar para a actividade, dous desde que perderon a súa operatividade, máis cinco sen solicitaren a reactivación no Censo da frota pesqueira operativa, causarán «baixa definitiva» tras o oportuno expediente.

2. Causarán baixa definitiva no censo sen que sexa necesario que transcorran os prazos mencionados anteriormente os buques que sexan manifestamente irrecuperables. Neste caso, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño dará conta ao Ministerio de Fomento para que tales buques causen baixa de oficio no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, como establece o artigo 61 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

3. A baixa definitiva no censo producirase, así mesmo, nos casos de desmantelamento, afundimento, perda total por accidente, exportación ao estranxeiro, transferencia a outro país comunitario e cambios desde a terceira e cuarta a outra lista do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

Artigo 48. *Inclusión no censo.*

1. Poderanse incluír no Censo da frota pesqueira operativa os buques que:

- a) Finalizasen a súa construción.
- b) Finalizasen o seu expediente de importación.
- c) Finalizasen a súa alta na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.
- d) E aquelas que pretendan a súa reactivación por estaren de baixa provisional.

2. Os armadores dos buques que se encontren na situación descrita no punto anterior deberán acreditar a posesión do certificado de navegabilidade ou de conformidade, segundo proceda, expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante e, se é o caso, que a baixa ou baixas achegadas estean amarradas e iniciado o expediente pertinente para a súa materialización a que se refire o artigo 6.

Artigo 49. *Solicitudes.*

1. As solicitudes de inclusión ou reactivación dos buques, conforme o modelo do anexo I, serán dirixidas polo interesado ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e presentadas na Secretaría Xeral do Mar, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os armadores ou propietarios dos buques especificarán expresamente na solicitude as augas onde solicitan realizar os labores de pesca.

2. Ás solicitudes deberase xuntar a documentación que figura nos anexos II e IV, respectivamente, e caderno censal de alta, cuberto correctamente polo armador, que asinará no lugar reservado para isto, conforme o modelo do anexo VI.

3. O prazo máximo para a presentación da solicitude para buques de nova construción, importación, ou alta na terceira lista do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras será de catro meses contados a partir da data do primeiro certificado de navegabilidade ou de conformidade segundo corresponda.

Artigo 50. Tramitación.

1. Unha vez presentada a solicitude, a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira da Secretaría Xeral do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño comprobará a documentación presentada e, no caso de que o buque vaia pescar en augas interiores, solicitarase informe previo da comunidade autónoma correspondente.

2. Queda facultada a Secretaría Xeral do Mar para a comprobación dos buques que coide pertinentes.

3. O director xeral de Ordenación Pesqueira ditará e notificará a correspondente resolución no prazo máximo de tres meses desde a presentación da solicitude.

Artigo 51. Alta no Censo da frota pesqueira operativa.

1. Os buques, unha vez cumpridas todas as condicións e recibidos os correspondentes informes, serán dados de alta provisional no Censo da frota pesqueira operativa mediante a citada resolución do director xeral de Ordenación Pesqueira.

2. Para que os buques de nova construción, importación ou incorporación á lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, pasen á situación de alta definitiva, os armadores deberán xustificar nun prazo máximo de doce meses o desmantelamento, a exportación ou transferencia a outro país comunitario así como, se é o caso, o cambio de lista, da baixa ou baixas achegadas e a inscrición definitiva no rexistro mercantil, e deberán presentar a documentación que figura no anexo III. En caso de non presentaren a documentación requirida, os buques causarán baixa no censo por «retirada da actividade».

3. Para acceder á situación de alta definitiva os novos buques acollidos a proxectos conxuntos, aos cales se refire o artigo 3.c), deberase xustificar o desmantelamento das baixas de forma que cubran o 100% en canto a arqueo e potencia e o número de unidades pesqueiras dadas de baixa sexa igual ou maior ao número de novas unidades.

4. Os armadores dos buques reactivados, transcorrido como máximo un ano desde a data da alta provisional, deberán xustificar para o seu paso á situación de alta definitiva no Censo da frota pesqueira operativa unha actividade pesqueira de polo menos cento vinte días, ou un 70 por cento dos días autorizados cando se trate de pesqueiras específicas reguladas pola súa propia normativa, por medio da documentación citada no anexo V. En ausencia das xustificacións requiridas os buques causarán baixa no censo por «cesamento definitivo da actividade».

Artigo 52. Permanencia en actividade.

Os buques que se inclúan no Censo da frota pesqueira operativa por reactivación, segundo o disposto neste real decreto, deberán permanecer activos de forma continuada e de alta polo menos dous anos para poderen ser achegados como baixa para novas construcións ou modernizacións de buques.

Artigo 53. Coordinación de rexistros.

1. Co obxecto de cumprir co establecido no Regulamento (CE) n.º 26/2004 da Comisión, do 30 de decembro de 2003, relativo ao Rexistro Comunitario de Buques Pesqueiros, e demais normativa aplicable, controlar o esforzo pesqueiro e manter a debida concordancia entre o Censo da frota pesqueira operativa e o Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, competencia do Ministerio de Fomento, toda anotación na folla de asento dos buques das listas terceira e cuarta que represente alteración do seu arqueo, potencia propulsora e características principais, así como aquelas anotacións que se refiran a altas, baixas ou cambio do seu nome requirirán o informe previo do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (Secretaría Xeral do Mar).

2. Unha vez realizadas as anotacións mencionadas no parágrafo anterior, así como as referidas á transferencia da titularidade e da propiedade do buque, deberán ser comunicadas polos distritos marítimos correspondentes ao Ministerio de Medio Ambiente,

e Medio Rural e Mariño, Secretaría Xeral do Mar, Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, para a súa anotación no censo.

3. As alteracións do arqueo e/ou da potencia propulsora dos buques da lista terceira realizadas sen as preceptivas autorizacións darán lugar á obriga de achegar baixas censadas equivalentes aos aumentos producidos no arqueo e/ou potencia propulsora, sen prexuízo das demais consecuencias que legal ou regulamentariamente deriven da ausencia de tales autorizacións.

Artigo 54. *Cambios de titularidade.*

Cando se produza un cambio de titularidade nun buque tanto de propietario como de armador, o adquirente deberá poñelo en coñecemento do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e do Ministerio de Fomento, nun prazo de dous meses.

Disposición adicional primeira. *Idade do buque.*

Para efectos de axudas, a idade do buque pesqueiro será o número enteiro definido como a diferenza entre o ano da data de resolución de concesión dunha prima ou subvención e o ano da súa entrada en servizo.

Considérase que a data de entrada en servizo do buque coincide coa expedición do primeiro certificado de navegabilidade. En ausencia de referencia ao dito certificado, entenderase que o buque entrou en servizo na data da súa primeira inscrición na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

Disposición adicional segunda. *Prazo de resolución.*

O prazo para a resolución dos expedientes de autorizacións que regula este real decreto será de seis meses.

Disposición adicional terceira. *Axudas en virtude do Regulamento (CE) n.º 744/2008 do Consello, do 24 de xullo de 2008.*

As axudas que, ao abeiro deste real decreto, teñan por fundamento o Regulamento (CE) n.º 744/2008 do Consello, do 24 de xullo de 2008, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica, serán aplicables ata o 31 de decembro de 2010 ou, en todo caso, no marco temporal establecido polo dito regulamento.

Disposición adicional cuarta. *Intercambio de información.*

Os ministerios de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Traballo e Inmigración e de Fomento intercambiarán por vía telemática as informacións que sexan necesarias para evitar o despacho dun buque ou do seu persoal enrolado sen que estean dados de alta no réxime especial da Seguraza Social dos traballadores do mar ou para evitar o despacho para o exercicio da actividade pesqueira de buques que se encontren nalgunha das situacións previstas no artigo 45.

Disposición transitoria única. *Axudas en virtude dos reais decretos 1048/2003, do 1 de agosto, e 3448/2000, do 22 de decembro,*

1. Non obstante o disposto na disposición derogatoria, serán de aplicación o Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, e o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica de axudas estruturais ao sector pesqueiro, ás axudas aplicables, para efectos das axudas aplicadas en virtude destes e dos documentos únicos de programación do Obxectivo 2 e fóra de Obxectivo 1, así como dos programas operativos no marco dos obxectivos 1 e 3, así como dos programas de iniciativa comunitaria Urban e Leader+ en España, de acordo coa Decisión da Comisión do 18 de febreiro do 2009 C(2009) 1128 final, no marco temporal que lles sexa aplicable.

2. Para os efectos do punto anterior, aplicarase o disposto no artigo 25.4 do Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica de axudas estruturais no sector pesqueiro, da seguinte forma:

«4. A garantía poderase liberar parcialmente, por petición do interesado, substituíndoa por outro aval bancario que garanta o 20% da contía da prima restante desde o 1 de xaneiro de 2009 á finalización da quinta anualidade, segundo cálculo *pro rata temporis* sobre o 100% da prima total de todo o período, unha vez aprobados os informes correspondentes e sempre que se cumpran todas as condicións.

Para as sociedades mixtas acollidas ao Real decreto 137/2002, do 1 de febreiro, a garantía poderase liberar substituíndoa por un aval bancario do 40%, nos mesmos termos do parágrafo anterior.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados os seguintes reais decretos: o Real decreto 798/1995, do 19 de maio, polo que se definen os criterios e condicións de intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca, da acuicultura e a comercialización, a transformación e a promoción dos seus produtos, excepto a disposición adicional oitava; o Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, e o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica de axudas estruturais ao sector pesqueiro, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto constitúe lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro ditada ao abeiro do establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución. Exceptúanse do anterior o capítulo IX e os anexos, ditados en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de pesca marítima regulada no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Modelo de solicitude para a inclusión no censo da frota pesqueira operativa de buques de pesca españois

(REAL DECRETO / 2009)

I. DATOS PERSONAIS E DOMICILIO DO SOLICITANTE

Nome e apelidos			NIF ou NIE	
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono e fax

II. DATOS DO REPRESENTANTE DO SOLICITANTE

Nome e apelidos			NIF ou CIF	
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono e fax

III. IDENTIFICACIÓN DO BUQUE

Nome	Matrícula e folio	G.T.	Porto base

IV. TIPO DE ALTA

<input type="checkbox"/> Alta provisional no censo da frota pesqueira operativa. <input type="checkbox"/> Alta definitiva no censo da frota pesqueira operativa
--

V. ACTIVIDADE EN

<input type="checkbox"/> Augas interiores	<input type="checkbox"/> Augas exteriores	<input type="checkbox"/> Augas interiores e augas exteriores de forma alternativa.
---	---	--

Autorizo o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para consultar telematicamente os datos referidos á miña persoa relacionados exclusivamente co documento nacional de identidade, ou, no seu defecto, fotocopia compulsada do citado documento.

Sinatura:

VI. DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.¹

1)

2)

VII. SOLICITUDE.

O/a abaixo asinante declara que son certos os datos consignados nesta solicitude; aceptando e comprometéndose a probalos documentalmente, conforme o establecido no Real decreto /2009.

En, o de de 20__

Sinatura:

Sra. Ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño
Secretaría Xeral do Mar
28006 MADRID

¹ Consignar o medio ou medios preferentes polos que desexa que se lle realice a notificación. Deberase consignar, polo menos, un lugar para realizar a notificación.

ANEXO II**Documentos para a alta provisional no censo da frota pesqueira operativa de buques de nova construción, importación ou provenientes doutra lista**

1. Caderno censual de alta, completado correctamente e na súa totalidade polo armador, que asinará no lugar reservado para iso.
2. Copia certificada da folia de asento do buque na terceira ou cuarta lista ou, no seu defecto, folia de asento na novena lista e copia compulsada da acta de probas oficiais ou de funcionamento, en caso de non se ter expedido a folia de asento na terceira lista.
3. Certificado de navegabilidade ou conformidade definitivo do buque, na terceira ou cuarta lista (ou copia compulsada).
4. Certificado de arqueo do buque en GT e TRB (ou copia compulsada).
5. Certificación da capitanía marítima correspondente de amarre da «baixa ou baixas achegadas» e da patente de navegación e inicio do expediente de desmantelamento.
6. Etiqueta de identificación fiscal da empresa armadora.

ANEXO III**Documentación para alta definitiva no censo da frota pesqueira operativa de buques de nova construción, importación ou provenientes doutra lista**

1. Copia certificada da folia de asento onde conste o desmantelamento da baixa ou baixas achegadas.
2. Certificación definitiva (non provisional) no rexistro mercantil, se este aspecto non figura na folia de asento.
3. Certificación do Instituto Social da Mariña en que figuren:
 - a) Número de inscrición na Seguranza Social da empresa armadora.
 - b) Número de inscrición na Seguranza Social do barco como centro de traballo.
4. Dúas fotografías de 10 x 15 cm, en cor, do buque completo, nas cales se distinga claramente a matrícula e o folio na amura do buque xa construído

ANEXO IV**Documentos para a alta provisional por reactivación de buques no censo da frota pesqueira operativa**

1. Caderno censual de alta, completado correctamente e na súa totalidade polo armador, que asinará no lugar reservado para iso.
2. Copia certificada da folia de asento do buque en terceira lista.
3. Certificado de navegabilidade definitivo do buque, en terceira lista (ou copia compulsada).
4. Certificado de arqueo do buque en GT e TRB (ou copia compulsada).

ANEXO V**Documentos para a alta definitiva por reactivación de buques no Censo da frota pesqueira operativa**

1. Certificación de despachos para a pesca expedidos pola capitanía marítima ou distrito marítimo correspondente, cando non existan despachos telemáticos.
2. Certificación de vendas en lonxa ou establecemento autorizado pola comunidade autónoma.
3. Certificación do Instituto Social da Mariña de estar de alta e ao día no pagamento das cotizacións e en que consten os datos do buque e da empresa armadora.

ANEXO VI

CADERNO CENSUAL DE FROTA PESQUEIRA OPERATIVA

MOTIVO DE ALTA

NOVA CONSTRUCCIÓN

Autorizado por:	Con data:
-----------------	-----------

CAMBIO Á TERCEIRA LISTA

Procedente de lista:	Matrícula:	Folio:
Autorizado por:	Con data:	

IMPORTACIÓN

País de procedencia:			
Nome:			
Distintivo de amuras:	Código buque: (se procede país UE)		
Autorizado por:	Con data:		

REACTIVACIÓN

Motivo de inactividade:
Data do último despacho:
Despachado por capitanía marítima/distrito marítimo:

IDENTIFICACIÓN DO ARMADOR

(Persoa física ou xurídica que xestiona a actividade ou a explotación do buque. Se son varias pero non formaron sociedade, datos de quen a dirixe)

Apelidos, nome/razón social

--

DNI/NIF	N.º inscrición S.S. do buque	N.º Seguraza Social do armador ou empresa armadora

DOMICILIO

Rúa/praza e número		
Localidade	Provincia	Código postal
TELÉFONO	FAX	

ASOCIADO A:

- 1 Confraría de: _____
- 2 Asociación de armadores de: _____
- 3 Cooperativa de: _____
- 4 Organización de produtores: _____

IDENTIFICACIÓN DO PROPIETARIO LEGAL DO BUQUE

(Inscrito no Rexistro Mercantil ou, no seu defecto, na folla de asento, se é distinto do armador do punto anterior)

Apelidos, nome/razón social	DNI/NIF

DOMICILIO

Rúa/praza e número		
Localidade	Provincia	Código postal
TELÉFONO		FAX

INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MERCANTIL DO BUQUE*(Se está inscrito, cubrir os seguintes datos)*

Rexistro Mercantil de:

Folio

Nº de ben

RÉXIME DE EXPLOTACIÓN DO BUQUE*(Marcar cun X o cadro correspondente)*

PROPIETARIO LEGAL DO BUQUE:

¿Está embarcado? SI NON

En calquera caso, se ten algunha titulación náutico-pesqueira indíquea a continuación

--

TIPO DE PROPIEDAD*(Marcar cun X o cadro correspondente)*

1. PRIVADA INDIVIDUAL (unha soa persoa)
2. PRIVADA COLECTIVA (varias persoas que non forman sociedade)
3. SOCIEDADE PRIVADA
4. COOPERATIVA
5. CONFRARÍA
6. PÚBLICA

BAIXAS ACHEGADAS

Nome	Matrícula	Folio	Código buque

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO BUQUE

(As características técnicas do buque veñen indicadas na folla de asento)

NOME DO BARCO:

(Sen abreviaturas)

CÓDIGO:

DATA ÚLTIMO DESPACHO:

PORTO BASE:

DISTINTIVO DE AMURAS		DISTINTIVO DE CHAMADA	(**) ARQUEO (con dous decimais)	
(*) Matrícula	Folio	Sinal	TRB	GT

DIMENSIÓNS <i>(en metros con dous decimais)</i>			
Eslora total	Eslora P.P.	Manga fóra forros	Puntal

(*) Matrícula.- Letras e número correspondente ao porto onde está matriculado o buque. Exemplo: SS-1 é a de Pasajes, VIL-3 a de Vilagarcía, HU-3 a de Huelva, TE-1 a de Tenerife, etc.

(**) Arqueo.- Indicar sempre GT, o arqueo TRB unicamente os buques que dispoñan deste dato.

ANO DE CONSTRUCCIÓN	ESTALEIRO CONSTRUTOR (nome ou razón social)

LOCALIDADE	
------------	--

DATA DE ENTRADA EN SERVIZO	
----------------------------	--

DATA DE INSCRICIÓN DEFINITIVA	
-------------------------------	--

PAÍS DE PROCEDENCIA
(Se construído no estranxeiro ou importado)

--

MATERIAL DO CASCO (marcar cun X o cadro correspondente)

1. MADEIRA
2. ACEIRO
3. FIBRA DE VIDRO / PLÁSTICO
4. OUTRO (indíquese cal):

TIPO DE COMBUSTIBLE QUE UTILIZA O MOTOR PROPULSOR

(Marcar cun X o cadro correspondente)

- GASÓLEO GASOLINA OUTRO (indique cal) :

CAPACIDADE DE TANQUES	
-----------------------	--

(Indique a unidade de medida) Metros cúbicos Litros
(Marcar cun X)

TIPO DE PROPULSIÓN

(Marcar cun X o cadro correspondente)

- F MOTOR FORABORDA
M MOTOR A BORDO

MOTOR PRINCIPAL*(Marcar cun X o cadro correspondente)*

- 1 É o motor orixinal
 2 Cambiouse Data do último cambio:

*O motor ten tara SI NON

Marca	Modelo
Ano de fabricación	Nº serie de motor

(Segundo placa fabricante)

* Só para buques con motor a bordo

POTENCIA MÁXIMA CONTINUA EN BANCO (En C.V.)*(Potencia B.H.P., potencia ao freo)**(Se hai dous motores para propulsión principal sumar ambos)***REVOLUCIÓNS MÁXIMAS POR MINUTO DO MOTOR****RELACIÓN DE REDUCCIÓN****POTENCIA DE MOTORES AUXILIARES** *(en C.V.)***VELOCIDADE MÁXIMA EN PROBAS** *(en nós = millas/hora)***AUTONOMÍA DO BUQUE** *(en millas)***HÉLICES** *(tipo)**(Marcar cun X o cadro correspondente)*

1. FIXA
 2. DE PAS REVERSIBLES
 3. CON TUBEIRA
 4. HÉLICE DE PROA

EMBARCACIÓNS AUXILIARES**EMBARCACIÓNS AUXILIARES LISTA CUARTA**

- 1.1 DE ALMADRABAS
 1.2 DE CULTIVOS MARIÑOS
 1.3 DE CERQUEIROS E OUTROS
 1.4 DE MARISQUEO A PÉ
 1.5 DE RECOLLIDA DE ALGAS OU CORAL
 1.6 ARTEFACTOS DEDICADOS AO CULTIVO OU ESTABULACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS

CARACTERÍSTICAS OPERACIONAIS

TRIPULACIÓN (indicar o número de:)

- 1 ___ CAPITÁNS OU PATRÓNS DE PESCA (incluído o capitán ou patrón do buque)
- 2 ___ OFICIAIS DE PONTE
- 3 ___ MECÁNICOS NAVAIS
- 4 ___ RADIOTELEGRAFISTAS
- 5 ___ ELECTRICISTAS NAVAIS
- 6 ___ MOTORISTAS OU MECÁNICOS DE LITORAL
- 7 ___ ESPECIALISTAS
- 8 ___ MARIÑEIRO

EQUIPAMENTOS ESPECIAIS

(Marcar cun X o/s cadro/s correspondente)

EQUIPAMENTOS DE NAVEGACIÓN

1. RADARES
2. PILOTO AUTOMÁTICO
3. XIRO COMPÁS
4. CORREDEIRA
5. NAVEGACIÓN POR SATÉLITE
6. PLOTTER

EQUIPAMENTOS DE COMUNICACIÓN

1. TELEFÓNICA
2. SATELITAL
3. V.H.F.

EQUIPAMENTO DE DETECCIÓN DE PESCA

1. SONAR
2. SONDA
3. SONDADOR REDE
4. TELEDETECCIÓN

EQUIPAMENTOS AUXILIARES PARA A PESCA

1. EMBARCACIÓN AUXILIAR DE PESCA
2. HELICÓPTERO

EQUIPAMENTOS DE TRANSFORMACIÓN E MANIPULACIÓN

(Número de toneladas/día que pode procesar)

_____ t/día CONXELACIÓN

_____ t/día FABRICACIÓN DE FARIÑAS

_____ t/día FABRICACIÓN DE ACEITES

MANIPULACIÓN

(Número total de máquinas)

_____ MÁQUINAS DE FILETEAR, EVISCERAR, DESCABEZAR E
OUTRAS**BODEGAS, TANQUES E VIVEIROS** (indique a capacidade en metros cúbicos)

- 1 _____ m³ CAPACIDADE DE ALMACENAXE DE XEO
- 2 _____ m³ BODEGAS FRESCO
- 3 _____ m³ BODEGAS REFRIXERADO
- 4 _____ m³ BODEGAS CONXELADO
- 5 _____ m³ TANQUES DE SALMOIRA
- 6 _____ m³ VIVEIROS DE CEBO VIVO

EQUIPAMENTOS COMPLEMENTARIOS DE PESCA (indique o número)

- 1 ___ GRUPOS ELECTRÓXENOS
- 2 ___ BOMBAS DE PEIXE
- 3 ___ MAQUINILLAS
- 4 ___ EQUIPAMENTOS LUMINOSOS
- 5 ___ HALADORES (powered block)

**CALADOIROS E TIPO DE PESCA PARA A QUE ESTÁ AUTORIZADO POLA
SECRETARÍA XERAL DE PESCA MARÍTIMA.**

(Marcar cun X os cadros correspondentes ao CALADOIRO e tipo de pesca)

AUGAS ESPAÑOLAS

1. AUGAS EXTERIORES
2. AUGAS INTERIORES
3. AMBAS DE FORMA ALTERNATIVA

CALADOIROS

- E.1 CANTÁBRICO-NOROESTE
- E.2 SURATLANTICO
- E.3 MEDITERRÁNEO
- E.4 CANARIAS

TIPO DE PESCA

Modalidades censadas

- A.1 Arrastre de fondo
- A.2 Cerco
- A.3 Palangre de superficie
- A.4 Palangre de fondo
- A.5 Rasco
- A.6 Volantas
- A.7 Arte clara

Modalidades non censadas

- A.8 Artes menores
- A.9 Outras (*indicar cal*):

AUGAS CEE NON ESPAÑOLAS

- C.1 ZONAS Vb, VI, VII e VIII (FROTA DOS 300)
 - A.1 Artes fixas - palangreiros maiores 100 TRB
 - A.2 Arrastre de fondo - arrastreiros maiores 100 TRB
- C.2 ZONAS VIII a, b, d e e (GOLFO DE VIZCAYA)
 - A.3 Sardiñeiros menores 100 TRB
 - A.4 Palangreiros menores 100 TRB
 - A.5 Liña-pincho menores 50 TRB
 - A.6 Anchoa
 - T.1 Anchoa para cebo
 - T.2 Túnidos (boniteiros)
- C.3 ZONAS VIIg, h, j e k (SUR INGLATERRA E IRLANDA)

PORTUGAL

- C.4 NORTE DO PARALELO DE PENICHE
 - P.1 Arrastre

C.5 SUR DO PARALELO DE PENICHE

P.2 Arrastre

P.3 Palangre de superficie

C.6 NORTE E SUR DO PARALELO DE PENICHE

P.4 Corricán (boniteiros)

C.7 ACORDOS FRONTEIRIZOS

A.1 Miño

A.2 Guadiana

OUTROS CALADOIROS

CALADOIROS

R.1 MAURITANIA

R.2 SENEGAL

R.3 GAMBIA

R.4 GUINEA BISSAU

R.5 GUINEA CONAKRY

R.6 GUINEA ECUATORIAL

R.7 SÃO TOME E PRÍNCIPE

R.8 ANGOLA

R.9 NAMIBIA

R.10 SUDÁFRICA

S.1 MOZAMBIQUE

S.2 COMORES

S.3 SEYCHELLES

N.1 NAFO

N.2 USA (caladoiro de Boston)

N.3 SVALBARD

N.4 NORUEGA

X.1 OUTRO CALADOIRO (indique cal):

DATA DE ENTREGA

SINATURA DO ARMADOR
